

BLOQUE 3.


SOLUCIÓN COMENTARIO 3.8: CLISERIE DO TEIDE

a) Identifica no **Documento 1**, mapa das rexións bioxeográficas, as diferentes rexións completando a lenda do mapa.

- Rexión boreoalpina
- Rexión eurosiberiana
- Rexión mediterránea
- Rexión macaronésica
- Rexión saharoarábica



Cliserie de vexetación de Canarias



b) **Identifica o Documento 2.**

O documento é unha gráfica denominada **Cliserie** que representa a graduación da vexetación neste caso do **Teide**, en función da altitude e da orientación. No eixe horizontal, (abscisas) indícase a base da montaña, e sobre él, aparecen os distintos pisos de vexetación, desde o piso basal ata o supracanario. No eixe vertical (ordenadas) sinálase a altitude desde os 0 m. ata os 4000 m. e de 500 en 500m. A gráfica ven acompañada dunha lenda na que se indican as distintas especies identificadas con cores e símbolos ou debuxos.

As cliseries permiten observar como inflúe a altitude e a orientación no tipo de vexetación de cada vertente pois a temperatura diminúe 5 ou 6 °C cada 1000 m. á vez que as precipitacións aumentan, sendo maiores na vertente exposta aos ventos (a de barlovento). Ademais a orientación orixina contrastes térmicos entre a solana ou solleiro, orientada ao sur que é máis cálida e a de aveseado ou umbría, orientada ao norte que é máis fría e húmida.

c e d) **Analiza a Cliserie.**

As Illas Canarias forman parte da **rexión macaronésica** xunto cos arquipélagos de Madeira, Azores e Cabo Verde. O clima, a insularidade e a mestura de influencias do

Atlántico Sur e de África fan que a súa paisaxe vexetal posúa uns trazos característicos e que abunden os **endemismos** ou formacións vexetais exclusivas da zona como as violetas do Teide, os alelís, os tajinastes; e tamén as **reliquias** ou formacións vexetais propias doutras épocas e que sobreviven en enclaves moi reducidos, como a laurisilva. Na cliserie podemos distinguir os seguintes tipos de vexetación:

Piso Basal, ata os 400 m:

predominan especies como a **tabaiba** e o **cardón**, que son plantas xerófilas que se adaptan a aridez desenvolvendo longas raíces, talos carnosos e espiñentos, capaces de reter a auga.

Piso Intermedio, entre os 400 e os 800 m.:

Intercálase entre o piso basal e o piso termocanario. O aumento da humidade e o descenso da temperatura propicia outro tipo de vexetación no que predominan os **dragos**, árbores de crecemento lento(símbolo vexetal da illa de Tenerife , destacando o drago milenario da localidade de Icod de los Vinos), , as **palmeiras**, que son especies moi lonxevas, tanto que os seus exemplares máis altos chegan a superar os dous ou tres séculos de idade(símbolo vexetal das illas Canarias xunto co canario), e as **sabinas**, cuxo tronco agretase ao envellecer. O sabinar é símbolo vexetal da illa de El Hierro, e é nesta illa onde se conservan os exemplares máis famosos que son as sabinas retorcidas pola forza do vento, aínda que os mellores conservados están na illa da Gomera.

Piso Termocanario, entre os 800 e 1200m:

Aparece o bosque de laurisilva e o pino canario, que son un tipo de flora autóctona de Canarias. O pino canario é un endemismo e a lauriliva, é unha reliquia.

A **laurisilva** é un denso bosque composto por máis de vinte especies entre as que predomina unha árbore con follas similares á do loureiro e fórmanse grazas ás temperaturas cálidas e ao mar de nubes xerado polos ventos alisios que tropezan coa montaña e provocan abundantes precipitacións. Cando se degrada a laurisilva, fundamentalmente pola acción antrópica, aparece o **bosque faial-brezal**, constituído por faias e brezos, especies de lento crecemento.

O **pino canario** soe aparecer xunto ao bosque de laurisilva e incluso máis arriba. É de crecemento lento e de boa madeira.

Piso Canario, entre os 1200 e 2000m :

A vexetación tende a adaptarse á falla de humidade e ao frío. Predomina o **pino canario**, coníferas moi resistente a condicións climáticas adversas. En alturas superiores aparece o **cedro canario**, de follas perennes e aciculares(longas e finas), que é orixinario das Illas Canarias e da Illa de Madeira.

Piso Supracanario, entre 2000 e 3715m.:

De gran riqueza florística a pesar da nudez do solo. Abundan as especies arbustivas como a **retama** que é unha matogueira de flores, en xeral, amarelas que soe servir de alimento ao gando. Curiosamente, ata o mesmo cumio existen as **violetas do Teide** , pranta que crece a unha maior altitude en España. Aproveita a auga do desxeo. Hoxe está moi protexida para evitar a súa extinción, xa que é outro exemplo de endemismo.

